

ASOCIACION PARKINSON GALICIA
PLAZA ESTEBAN LAREO BLQ 17 BAJO –
15008 CORUÑA (A)

Nº EXPEDIENTE: BS505A 2011/16-1

REGISTRO DE ENTIDADES DE ACCIÓN VOLUNTARIA	BS505A	RESOLUCIÓN DE INSCRIPCIÓN E NOTIFICACIÓN
---------------------------------------------------	---------------	-------------------------------------------------

DATOS DE IDENTIFICACIÓN

NOME DA ENTIDADE: ASOCIACION PARKINSON GALICIA		CIF: G15582224
Nº DE INSCRIPCIÓN: O-594	ENDEREZO: PLAZA ESTEBAN LAREO BLQ 17 BAJO - A CORUÑA	
LOCALIDADE: CORUÑA (A)	PROVINCIA: A CORUÑA	C.P.: 15008
REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE: ANA Mª VIDAL CARRO		NIF: 35812595P

Vista a solicitude de inscrición no rexistro de entidades de acción voluntaria de Galicia da entidade ASOCIACION PARKINSON GALICIA, ao abeiro do establecido no Decreto 405/2001, do 29 de novembro, polo que se regula o Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia e de conformidade cos seguintes

FEITOS

Primeiro.- Con data 4 de xullo de 2011 tivo entrada no rexistro xeral do edificio administrativo da Xunta de Galicia na Coruña a solicitude de inscrición no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia da entidade ASOCIACION PARKINSON GALICIA.

Segundo.- Con data 12 de agosto o Departamento Territorial da Coruña desta Consellería lle require a esta entidade que aporte a documentación que non presentou coa súa solicitude. Achegan a documentación solicitada o 13 de outubro.

Terceiro.- Con data 19 de outubro tivo entrada no rexistro xeral da Consellería de Traballo e Benestar o expediente, remitido polo Departamento Territorial da Coruña, para proceder á súa resolución.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O artigo 28.1 da Lei 3/2000, de 22 de decembro, do voluntariado de Galicia crea o rexistro público de entidades de acción voluntaria da Comunidade Autónoma de Galicia. Este rexistro está adscrito actualmente á Consellería de Traballo e Benestar.

Segundo.- De conformidade co establecido no Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e ao abeiro dos Decretos 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia e 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, é competencia da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado acordar a inscrición no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia.



Terceiro.- A documentación e os datos que constan no expediente axústanse ao establecido nos artigos 5, 6 e 7 do Decreto 405/2001, do 29 de novembro, polo que se regula o Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia.

En virtude do exposto,


RESOLVO:

Acordar a inscrición no Rexistro **ASOCIACION PARKINSON GALICIA** de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia, da Entidade, asignándolle o número **O-594**

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante a Consellería de Traballo e Benestar, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, consonte co previsto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e o procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2011

O director xeral de Xuventude e Voluntariado



Ovidio Rodeiro Tato

